

3. Pesos escorridos mínimos, esixidos nos envases non transparentes de olivas.

Para as olivas sen carabuña ou con recheo, o peso escorrido mínimo expresado en gramos deducirase multiplicando a capacidade nominal do envase expresada en ml, por 0,4, redondeando o resultado á alza a múltiplos de 5.

Para o resto das olivas enteiras, o peso escorrido mínimo expresado en gramos deducirase multiplicando a capacidade nominal do envase expresada en ml, por 0,5, redondeando o resultado á alza a múltiplos de 5.

## XEFATURA DO ESTADO

**21784** *LEI 16/2001, do 21 de novembro, pola que se establece un proceso extraordinario de consolidación e provisión de prazas de persoal estatutario nas institucións sanitarias da Seguridade Social dos servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde. («BOE» 280, do 22-11-2001.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asistencia sanitaria constitúe un dos compoñentes esenciais do sistema de protección social desenvolvido en España nas últimas décadas. Os poderes públicos, cumprindo o mandato recollido no artigo 43.2 da Constitución, asumiron un papel protagonista na xestión das prestacións sanitarias que se lles ofrecen ós cidadáns. Así mesmo, o proceso de descentralización territorial do Estado tamén incidiu na xestión pública da sanidade, toda vez que esta competencia, conforme establece o artigo 148.1 da Constitución, se encontra actualmente transferida a sete comunidades autónomas, as cales xestionan actualmente a asistencia sanitaria de máis do 60 por 100 da poboación española. Por outra parte, o modelo de organización e xestión da sanidade, configurado arredor do Sistema Nacional de Saúde creado pola Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, viuse sometido desde a súa creación a un intenso proceso de crecemento e desenvolvemento, coas lóxicas consecuencias no incremento das necesidades de recursos humanos. En efecto, o forte aumento, tanto cuantitativo coma cualitativo, que experimentaron as prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, a raíz do Real decreto 63/1995, do 20 de xaneiro, sobre ordenación de prestacións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, e a inclusión como poboación protexida de novos grupos de usuarios, requiriu a incorporación ós centros sanitarios dun número crecente de profesionais, tanto sanitarios coma non sanitarios, sen o concurso dos cales sería imposible mante-la calidade e continuidade das prestacións asistenciais, así como o acceso a elas en condicións de igualdade efectiva, tal como prescribe a citada Lei 14/1986.

Non obstante, en numerosas categorías de persoal e desde hai máis dunha década, con frecuencia o acceso dos profesionais ós postos de traballo da sanidade xestionada de maneira pública veuse realizando sen que

estes consolidaran unha vinculación de emprego estable como persoal estatutario fixo no Sistema Nacional de Saúde. Isto foi debido a que resultou grandemente dificultoso compasa-la necesidade perentoria e crecente de dotar de efectivos profesionais o sistema, coas características dos procesos de selección e provisión previstos nas normas vixentes en cada momento, toda vez que os prazos de tramitación e xestión necesarios para a aplicación deles terían significado, en boa medida, a imposibilidade de dar resposta, tanto en tempo coma en calidade, ás necesidades asistenciais dos cidadáns.

Como consecuencia das circunstancias antes sinaladas, no seo do Instituto Nacional da Saúde, en tanto que entidade xestora da Seguridade Social responsable da xestión das prestacións sanitarias no ámbito territorial das comunidades autónomas que se encontran pendentes de recibi-lo seu traspaso, así como nos distintos servizos de saúde das comunidades autónomas con competencias transferidas, nestes últimos en maior ou menor grao, segundo os casos, xerouse un grave problema de estabilidade no emprego do seu persoal estatutario, con elevadas porcentaxes das diferentes categorías de persoal que manteñen unha vinculación temporal de prestación de servizos. Esta alta precariedade no emprego, non soamente ha de ser entendida como escasamente compatible cun modelo eficiente de xestión de recursos humanos no ámbito público, senón que ademais ocasiona problemas no mantemento da continuidade asistencial, xerando incerteza entre os profesionais.

Durante os últimos anos víronse impulsados no Sistema Nacional de Saúde distintos esforzos e iniciativas dirixidas a moderniza-la selección e provisión de prazas do persoal estatutario. Desde un punto de vista normativo, estes culminaron na Lei 30/1999, do 5 de outubro, de selección e provisión de prazas de persoal estatutario dos servizos de saúde, que se encontra actualmente vixente. Así mesmo, durante os últimos anos aprobáronse ofertas públicas de emprego, nos diferentes ámbitos territoriais do Sistema Nacional de Saúde, de resultados desiguais en canto ós obxectivos de selección e provisión do persoal, xa que unha parte das convocatorias de probas selectivas dimanantes delas desembocaron en procesos xudiciais, algúns dos cales aínda permanecen abertos, incrementándose desta forma a presenza do persoal temporal nos cadros do persoal estatutario. É de notar que a solución do problema da temporalidade do persoal, aplicando os procedementos selectivos e de provisión establecidos na precitada Lei 30/1999, requiriría unha longa dilación, o cal se mostra pouco compatible coas expectativas que ten o persoal afectado. Neste sentido hai que menciona-lo interese en resolver este problema, manifestado polas organizacións sindicais presentes nos órganos de representación dos servizos de saúde, do cal é unha mostra o pacto do 23 de novembro de 1999, subscrito polo INSALUD con tódalas organizacións sindicais representadas na mesa sectorial do instituto, polo que se asumiu o compromiso de reduci-la temporalidade do seu persoal a unha porcentaxe que non superase o 3 por 100 do seu cadro de persoal.

O marco de xestión dos recursos humanos antes descrito está tamén afectado polo próximo traspaso da xestión do Instituto Nacional da Saúde a aquelas comunidades autónomas que están pendentes de as recibir, o cal produce dous tipos de efectos. Por unha parte, significa a conveniencia, por razóns de oportunidade, de tentar resolver este problema, evitando que sexa trasladado a cada unha das comunidades autónomas receptoras das competencias sanitarias, facendo así máis complexa unha resolución coherente e coordinada para o conxunto do Sistema Nacional de Saúde. Por outra, estimula o desexo e as expectativas do persoal temporal

do Instituto Nacional da Saúde de adquiri-la vinculación estatutaria fixa antes de que se produza este traspaso. Todo iso configura unha situación excepcional, non só polas características do problema, senón pola natureza das posibles solucións para abordalo.

O obxecto desta lei é pórle fin á alta temporalidade que padece o persoal estatutario das institucións sanitarias da Seguridade Social dos servizos de saúde e do INSALUD. Así mesmo, foi impulsada polo acordo alcanzado, para a consolidación do emprego temporal, entre o INSALUD e as organizacións sindicais representadas no seo da Mesa Sectorial de Sanidade desta entidade, o día 2 de agosto de 2001. Por medio dela, habilitase un procedemento excepcional e extraordinario de consolidación de emprego, co obxectivo de transformalo actual emprego temporal en nomeamentos estatutarios fixos. Este proceso, en canto que extraordinario, esgotarase coa súa propia resolución, tal e como establece a doutrina do Tribunal Constitucional, de forma que os procedementos selectivos deseñados, e a posterior fase de provisión de postos de traballo ligada a estes, desenvolveranse por unha soa e única vez, xa que, unha vez concluídos, os sistemas de provisión e selección ordinarios que se utilicen posteriormente deberán axustarse ó establecido tanto na Lei 30/1999 como no Real decreto lei 1/1999, sobre selección e provisión de prazas de persoal estatutario, que con rango regulamentario desenvolve a aquela.

A necesidade desta norma, e velaí o seu carácter excepcional, xustifícase por diferentes motivos. Como se sinalou anteriormente, as proporcións que adquiriu o persoal temporal no conxunto dos cadros de persoal de moitos dos centros sanitarios do Sistema Nacional de Saúde constitúe unha dificultade crecente para o normal desenvolvemento deste. Para a resolución deste problema non resulta suficiente a citada Lei 30/1999, por canto que con ela se prolongaría esta situación durante varios anos máis. Tamén se sinalou que o próximo traspaso das competencias de xestión sanitaria do INSALUD ás comunidades autónomas aconsella iniciar unha solución antes de que aquel se produza, para que desta forma se evite trasladarlle-lo problema. Precisamente, a proximidade destes trasposos non soamente estimulou os desexos do persoal temporal para ver resolta a súa situación, senón que ademais intensificou as pretensións do persoal estatutario que ten nomeamento fixo de ter opción a un concurso de traslados antes de ser traspassados á correspondente comunidade autónoma. Esta última cuestión resulta de especial relevancia para fundamentalo contido desta lei, xa que sendo necesario compatibiliza-la consolidación do emprego temporal co dereito á mobilidade do persoal estatutario que xa é fixo, faise preciso o deseño dos procedementos que, con carácter novidoso, sexan capaces de articular ambas pretensións sen que sufran menoscabos a continuidade e a calidade asistencial. Daquela, ademais de pretender consolida-lo emprego temporal, esta lei busca facelo de maneira compatible coa mobilidade do persoal, se ben tratando de non estimular movementos masivos de persoal, especialmente naquelas categorías profesionais de persoal médico e titulados superiores, xa que, de non se facer así, poderíase erosionar-lo normal funcionamento dos centros sanitarios, así como o dereito dos cidadáns a que se lles garanta a continuidade dos tratamentos e prestacións que estean a recibir. Tamén é de salientar que o proceso extraordinario de consolidación de emprego se encontra aberto a tódalas categorías profesionais, independentemente da maior ou menor temporalidade que exista dentro delas, xa que, polo funcionamento integrado e interdependente dos centros sanitarios, unha proposta de consolidación de emprego que soamente afectase a determinadas cate-

gorías de persoal enfrontaríase a moitas dificultades na súa aceptación.

Malia o marco excepcional e extraordinario dos procedementos de selección e provisión recollidos nesta lei, existen precedentes xurídicos de natureza asimilable. Por cita-los máis relevantes, pode mencionarse en primeiro lugar o caso da Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, que na súa disposición transitoria novena establecía as condicións básicas para a realización de probas de idoneidade para o acceso ás categorías de profesor titular de universidade e de profesor titular de escola universitaria, procedemento que foi referendado polo Tribunal Constitucional. O segundo exemplo que merece destacarse é o que corresponde á Lei 1/1993, do 6 de abril, de ordenación do sistema sanitario de Castilla y León, que establecía na súa disposición transitoria cuarta un procedemento excepcional, transitorio e por unha soa vez de acceso á condición de funcionario desa comunidade autónoma. Esta última disposición tamén foi obxecto de recurso de inconstitucionalidade, o cal foi desestimado mediante sentenza do Alto Tribunal do 11 de febreiro de 1999. O fundamento xurídico terceiro desta sentenza reiterou a doutrina, xa establecida en sentencias anteriores —como son as números 27/1991, 151/1992, 60/1994, 185/1994 e 16/1998 do Alto Tribunal— respecto a cales deben se-las condicións que debe de cumprir unha medida extraordinaria como a que nesta lei se propón, como son as de que se trate dunha medida excepcional, que se realice por unha soa vez e que a devandita posibilidade estea prevista nunha norma con rango legal.

O proceso de consolidación de emprego que regula esta lei consiste na realización de convocatorias extraordinarias en cada categoría profesional e especialidade de maneira independente por cada servizo de saúde, se ben de maneira coordinada e simultánea entre elas. Estas convocatorias constan dunha fase de selección, seguida doutra posterior de provisión. A fase de selección, baseada no sistema de concurso-oposición, de carácter centralizado, e á cal poderá concorrer non soamente o persoal temporal do Sistema Nacional de Saúde, senón calquera candidato que cumpra cos requisitos xerais e de titulación establecidos en cada respectiva convocatoria. A fase de oposición consistirá, para o persoal ó cal se lle esixe titulación superior para o desempeño do posto, na elaboración dunha memoria ou exposición escrita, mentres que para as restantes categorías versará sobre a realización dun exercicio de carácter práctico sobre os procedementos máis comúns e habituais utilizados na correspondente categoría profesional. Na fase de concurso valóranse os servizos prestados nas institucións sanitarias da Seguridade Social do Sistema Nacional de Saúde. Debido a que se pretende que a consolidación de emprego teña como principal referencia o ámbito territorial de cada servizo de saúde, ademais de previr, na medida do posible, que se produzan desprazamentos masivos de profesionais entre comunidades autónomas, os servizos prestados en centros do Sistema Nacional de Saúde alleos ó respectivo servizo de saúde na convocatoria do cal se participe teñen unha valoración que é da terceira parte de como se computan cando foron prestados no seo de cada un destes. Esta diferente valoración dos servizos prestados, en canto que se fai recíproca entre os diferentes servizos de saúde, non se ten que entender como contraria ó principio de igualdade entre os profesionais do Sistema Nacional de Saúde.

Unha novidade importante que establece esta lei é a creación para o persoal estatutario da situación de expectativa de destino, que será aquela que obteñan os que superen a respectiva fase de selección. A situación de expectativa de destino non outorga dereitos eco-

nómicos nin dereito ó desempeño dunha praza como persoal estatutario nas institucións sanitarias da Seguridade Social do Sistema Nacional de Saúde, pero habilita para participar na fase de provisión establecida nesta lei para a obtención de praza definitiva como estatutario fixo. A principal característica da fase de provisión deseñada nesta lei é a de permiti-la obtención de praza de estatutario fixo ó persoal que se encontra en expectativa de destino, tamén actúa como concurso de traslados para o persoal estatutario fixo que desexe participar nel. Regulouse desta maneira co obxecto de posibilita-la mobilidade do persoal que xa é fixo, evitando que o proceso extraordinario de consolidación de emprego puidese lesiona-lo dereito ó traslado que este persoal ten. A provisión das prazas realizarase mediante o sistema de concurso, valorándose os servizos prestados nas institucións sanitarias da Seguridade Social, se ben, ó igual que no concurso establecido no sistema de selección, a antigüidade acreditada no servizo de saúde na convocatoria do cal se participa valorase máis favorablemente que a acreditada noutros servizos de saúde.

Emporiso, para as categorías e especialidades do grupo de titulación A, nas que se esixe estar en posesión de titulación universitaria superior, establécese unha fase específica de provisión, na que ademais de se valorar-la antigüidade por servizos prestados, se computan os méritos científicos, investigadores e de docencia posgraduada, así como a realización dunha entrevista que se realiza de forma descentralizada por centros de xestión. Deseñouse esta fase singular de provisión debido a que estas categorías profesionais teñen unha taxa de temporalidade moi elevada nos cadros de persoal dos centros, polo que foi necesario articular un procedemento de provisión que, respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade, evite numerosos desprazamentos de profesionais con repercusións difíciles de avaliar sobre a continuidade asistencial e a xestión dos centros. Así mesmo, polas especiais circunstancias que afectan a categoría dos facultativos especialistas de área, que no seo do INSALUD obtivo pronunciamentos xudiciais favorables á convocatoria dun concurso de traslados, é polo que a disposición adicional segunda desta lei establece para esta categoría un concurso de traslados independente das fases de selección e provisión do proceso de consolidación. Xa que logo, o persoal facultativo especialista de área non soamente ten a posibilidade de participar neste concurso específico de traslados, senón que tamén o pode facer tanto desde as fases de selección como de provisión establecidas no proceso de consolidación de emprego. Non obstante, os baremos de valoración de méritos son diferentes, xa que a mencionada fase de provisión se articula principalmente como procedemento de consolidación de emprego para o persoal que se encontraría en expectativa de destino, mentres que o comentado concurso de traslados se dirixe a persoal facultativo especialista de área que xa é fixo no momento da entrada en vigor da lei.

Pola súa parte, o Instituto Social da Mariña, entidade xestora do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, que ten ó seu cargo a xestión das prestacións sanitarias do colectivo comprendido no seu campo de aplicación, para o cal conta coa a súa propia rede de establecementos sanitarios, presenta, respecto das diferentes categorías de persoal estatutario, os mesmos problemas de estabilidade no emprego e alta taxa de temporalidade. Iso fai aconsellable atende-lo previsto nesta lei ó Instituto Social da Mariña.

No caso de que, unha vez iniciadas e non concluídas as fases de selección e provisión establecidas por esta lei, se comecen a efectua-los traspasos de competencias sanitarias do INSALUD ás comunidades autónomas pen-

dentes de as recibir, a disposición adicional quinta establece unha comisión de desenvolvemento e seguimento, que se encargará de levar a cabo tódolos trámites necesarios para o desenvolvemento e finalización das convocatorias no ámbito territorial das comunidades autónomas que fosen transferidas.

Nesta lei establécese a necesaria coordinación e simultaneidade dos procesos de consolidación de emprego dos distintos servizos de saúde, nas súas fases de selección e provisión, co fin de asegura-lo desenvolvemento harmónico deles e a obtención duns resultados coherentes co obxecto perseguido de consolidar emprego nos respectivos servizos de saúde.

Neste sentido, o artigo 5 prevé a creación, no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, dunha comisión de coordinación específica na que participan o Ministerio de Sanidade e Consumo e as comunidades autónomas.

Esta lei ten carácter básico, con excepción das súas disposicións adicionais segunda, décimo primeira, décimo quinta e derradeira terceira, toda vez que o contido dela se insire plenamente no campo da coordinación sanitaria, de acordo co disposto nos artigos 70.2, letra c), e 73 da Lei xeral de sanidade, figurando esta materia como unha sobre as cales o Estado ten competencia exclusiva, segundo establece o artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución.

## CAPÍTULO I

### Obxecto e principios xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei ten por obxecto a consolidación de emprego a través do desenvolvemento dun proceso extraordinario de selección e provisión de prazas no ámbito das institucións sanitarias da Seguridade Social do Sistema Nacional de Saúde.

Para tal fin, habílitase os servizos de saúde para celebraren, por unha soa vez, as convocatorias extraordinarias de consolidación de emprego, que comprenderán as fases de selección e provisión. Os órganos competentes dos servizos de saúde determinarán, no seu respectivo ámbito, aquelas categorías e especialidades de persoal, das existentes no momento inmediatamente anterior á data de publicación da correspondente convocatoria, nas cales se realizará o proceso de consolidación de emprego.

2. Esta lei apróbase de acordo co previsto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución, polo que as súas normas forman parte da coordinación xeral sanitaria e son bases do marco estatutario regulador do persoal incluído no seu ámbito de aplicación, con excepción das súas disposicións adicionais segunda, décimo primeira, décimo quinta e derradeira terceira.

3. Para os efectos establecidos por esta lei, o Instituto Nacional da Saúde terá a consideración dun só servizo de saúde.

#### Artigo 2. *Principios xerais.*

A selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias da Seguridade Social dos servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde que se regula por esta lei réxese polos seguintes principios xerais:

a) Sometemento pleno á lei e ó dereito de tódalas actuacións nos procesos selectivos e de provisión de prazas.

b) Igualdade, mérito, capacidade e publicidade no acceso á condición de persoal estatutario fixo.

c) Libre circulación do persoal estatutario no conxunto do Sistema Nacional de Saúde.

d) Eficacia, imparcialidade e axilidade na actuación dos tribunais e demais órganos responsables da selección e provisión de prazas.

e) Participación das organizacións sindicais presentes nos órganos de representación legalmente establecidos, a través da negociación no desenvolvemento do previsto nesta lei.

f) Adecuación dos procedementos de selección, dos seus contidos e probas ás funcións que hai que desenvolver nas correspondentes prazas, incluíndo a valoración do coñecemento da lingua oficial distinta do castelán nas respectivas comunidades autónomas.

## CAPÍTULO II

### Consolidación de emprego: fase de selección e probas selectivas

#### Artigo 3. *Ámbito subxectivo.*

1. Para poder participar no proceso extraordinario de consolidación de emprego, ó que se refire a esta lei, será necesario reunir na data de publicación da respectiva convocatoria de cada categoría e especialidade os seguintes requisitos:

a) Posuí-la nacionalidade española ou a dalgún estado membro da Unión Europea ou do Espacio Económico Europeo ou te-lo dereito á libre circulación de traballadores conforme o Tratado da Comunidade Europea.

b) Estar en posesión da titulación esixida na correspondente convocatoria ou en condicións de a obter dentro do prazo de presentación de solicitudes.

c) Posuí-la capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se deriven do correspondente nomeamento.

d) Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servicio de calquera servicio de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin atoparse inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas, nin, se é o caso, para a correspondente profesión.

f) No caso dos nacionais doutros estados mencionados no parágrafo a), non se encontrar inhabilitado, por sanción ou pena, para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servicios públicos nun estado membro, nin ter sido separado por sanción disciplinaria dalgunha das súas administracións ou servicios públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

2. Nas convocatorias de selección reservarase unha cota non inferior ó 3 por 100 das prazas ofertadas en cada servicio de saúde para seren cubertas entre persoas con discapacidade de grao igual ou superior ó 33 por 100, de modo que progresivamente se alcance o 2 por 100 dos efectivos totais dos servicios de saúde convocantes, sempre que superen os procesos selectivos e que, no seu momento, acrediten o indicado grao de discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

#### Artigo 4. *Fase de selección.*

1. A selección para o acceso á condición de persoal estatutario fixo nas institucións sanitarias da Seguridade Social dos servicios de saúde do Sistema Nacional de Saúde levarase a cabo a través de concurso-oposición, tal e como se define nesta lei, con carácter excepcional e por unha soa vez.

1.1 A oposición consistirá na celebración dunha proba que valore a competencia, aptitude e idoneidade dos aspirantes para o desempeño das correspondentes funcións.

En cada convocatoria establecerase a puntuación mínima para supera-la oposición ou cada un dos exercicios.

A oposición poderá ser superada por un número de aspirantes superior ó de prazas convocadas.

1.2 No concurso, ó que unicamente poderán presentarse os aspirantes que superasen a oposición, valoraranse, consonte o baremo establecido no artigo 6.3 desta lei, os méritos achegados polas persoas que superen a oposición, e servirá, xunto á cualificación acadada nela, para supera-la fase de selección.

2. A superación da fase de selección suporá a adquisición da situación de persoal estatutario en expectativa de destino. Non poderá supera-la fase de selección e, por tanto, acceder á situación de persoal estatutario en expectativa de destino, un número maior de aspirantes có de prazas convocadas.

2.1 Para os efectos desta lei enténdese por expectativa de destino a situación en que se encontran os aspirantes que superaron o concurso-oposición, ata que obteñan, se é o caso, un destino definitivo como consecuencia da súa participación na posterior fase de provisión establecida no capítulo III desta lei, sen prexuízo do disposto no punto 4 deste artigo e na disposición adicional cuarta desta lei.

2.2 A situación de persoal estatutario en expectativa de destino non outorga dereitos económicos nin dereito ó desempeño dunha praza como persoal estatutario nas institucións sanitarias dos servicios de saúde do Sistema Nacional de Saúde ata que non se obteña praza definitiva como estatutario fixo mediante a participación e obtención dela na fase de provisión prevista no capítulo III desta lei, sen prexuízo do disposto no punto 4 deste artigo e na disposición adicional cuarta desta lei.

2.3 Quen como consecuencia da súa participación na fase de selección correspondente a máis dunha categoría profesional, ou, se é o caso, especialidade, acceda á situación de persoal estatutario en expectativa de destino en máis dunha categoría ou especialidade, unicamente poderá participar na fase de provisión de prazas recollida no capítulo III desta lei nunha soa categoría ou especialidade, sen prexuízo do disposto no punto 4 deste artigo e na disposición adicional cuarta desta lei.

3. O persoal que supere a fase de selección, accedendo á situación de expectativa de destino, e tivese anteriormente a condición de estatutario temporal, encontrándose desempeñando unha praza nas institucións sanitarias da Seguridade Social, continuará ocupando esa praza coas condicións previstas nela, sen prexuízo de que, se é o caso, puidese obter outra definitiva como resultado da súa participación na fase de provisión establecida no capítulo III desta lei.

4. O persoal con nomeamento estatutario fixo nas institucións sanitarias da Seguridade Social dos servicios de saúde do Sistema Nacional de Saúde que obtivese a situación de expectativa de destino nela ou noutra categoría distinta, seguirá desempeñando provisionalmente a praza que estea ocupando ata a obtención definitiva da nova por medio da fase de provisión establecida no capítulo III desta lei, sen prexuízo do disposto na lexislación sobre incompatibilidades do persoal ó servicio das administracións públicas. No caso de que como consecuencia da súa participación na citada fase de provisión non obtivese a correspondente praza, quedará na

situación de servizo activo na praza que tivese con carácter fixo e en excedencia voluntaria por incompatibilidade na categoría ou especialidade adquirida en expectativa de destino, se esta última é de distinta categoría ou especialidade á que tivese como persoal estatutario fixo.

#### Artigo 5. *Coordinación da fase de selección.*

1. A fase de selección dos procesos extraordinarios de consolidación de emprego establecidos no artigo 4 desta lei convocarase e realizarse de maneira independente por cada servizo de saúde, no ámbito das respectivas competencias destes. Non obstante, as diferentes convocatorias dos servizos de saúde correspondentes á mesma categoría ou especialidade de persoal desenvolveranse entre si de maneira coordinada e simultánea.

2. Para os efectos do establecido no parágrafo anterior e na fase de provisión establecida no capítulo III desta lei, créase unha comisión de coordinación específica para este proceso no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, con participación do Ministerio de Sanidade e Consumo e, polo menos, as comunidades autónomas con competencias de xestión sanitaria transferidas que apliquen esta lei.

#### Artigo 6. *Contido e baremos da fase de selección.*

1. Para concorrer á fase de selección das convocatorias extraordinarias de consolidación de emprego será necesario reuni-los requisitos establecidos no artigo 3.1 desta lei.

2. Para as categorías profesionais e especialidades incluídas no grupo de titulación A, para as que é necesario encontrarse en posesión de titulación universitaria de grao superior, a oposición da fase de selección comprenderá a realización dun exercicio, que consistirá na redacción dunha memoria cos seguintes contidos: análise detallada das funcións que se deben desenvolver na categoría ou especialidade á que se opta, determinación dos coñecementos e medios necesarios para o seu desempeño, nivel de responsabilidade, así como a importancia que as funcións que deban desempeñarse teñan na organización. Nas restantes categorías de persoal, o exercicio versará sobre os procedementos prácticos máis comúns e habituais utilizados na correspondente categoría profesional.

A puntuación máxima que se adxudicará na fase de oposición será de 100 puntos.

3. O concurso da fase de selección valorarase conxuntamente o seguinte baremo:

3.1 Experiencia profesional obtida no desempeño de postos de traballo das correspondentes organizacións como persoal estatutario:

3.1.1 Polos servizos prestados, calquera que fose o momento, nas institucións sanitarias da Seguridade Social do servizo de saúde na convocatoria do cal se participa:

a) Na mesma categoría profesional e, se é o caso, especialidade á que se concursa con nomeamento fixo ou temporal: 0,3 puntos por mes traballado.

b) En categorías do modelo tradicional, de cota, de zona ou de urxencia, do mesmo grupo de titulación e, se é o caso, da mesma especialidade cá categoría en que se concursa con nomeamento fixo ou temporal: 0,225 puntos por mes traballado.

c) En distinta categoría profesional e, se é o caso, especialidade á que se concursa con nomeamento fixo: 0,15 puntos por mes traballado.

d) No modelo tradicional, de cota, de zona ou de urxencia, en distinta categoría e, se é o caso, especia-

lidade á que se concursa con nomeamento fixo: 0,113 puntos por mes traballado.

3.1.2 Polos servizos prestados nas institucións sanitarias da Seguridade Social de servizos de saúde distintos daqueles na convocatoria dos cales se participa:

a) Na mesma categoría profesional e, se é o caso, especialidade á que se concursa con nomeamento fixo ou temporal: 0,1 puntos por mes traballado.

b) En categorías do modelo tradicional, de cota, de zona ou de urxencia, do mesmo grupo de titulación e, se é o caso, da mesma especialidade cá categoría en que se concursa con nomeamento fixo ou temporal: 0,075 puntos por mes traballado.

c) En distinta categoría profesional e, se é o caso, especialidade á que se concursa con nomeamento fixo: 0,05 puntos por mes traballado.

d) No modelo tradicional, de cota, de zona ou de urxencia, en distinta categoría e, se é o caso, especialidade á que se concursa con nomeamento fixo: 0,038 puntos por mes traballado.

A máxima puntuación que se poderá obter por experiencia profesional será de 45 puntos.

3.2 A formación valorarase da seguinte forma:

3.2.1 Para as categorías profesionais do grupo de titulación A:

a) Aspirantes que, para obterem o título de especialista, cumprisen o período completo como médico, farmacéutico, químico, biólogo ou radiofísico hospitalario interno residente do programa MIR, FIR, QUIR, BIR, RHIR ou ben un período equivalente —en España ou no espazo económico europeo— de formación teórica e práctica, a tempo completo nun centro hospitalario e universitario, ou en organismos competentes ou baixo o seu control, participando na totalidade das actividades e responsabilidades médicas do servizo onde se imparta a formación, incluídas as gardas e obtendo a cambio a remuneración apropiada, de conformidade, todo iso, coa Directiva 93/16/CEE, do 5 de abril: 16 puntos.

b) Aspirantes que, para obterem o título de especialista, cumprisen un período de formación como médico residente, de acordo coa normativa anterior ó Real decreto 127/1984, de polo menos dous anos de práctica supervisada, profundando nos aspectos teóricos e prácticos da área correspondente á súa especialidade, tras superaren o necesario período de polo menos un ano como médico interno en rotación polos servizos clínicos básicos: 2 puntos.

c) Aspirantes que, para obterem o título de medicina de familia e comunitaria, cumprisen o período de formación establecido no Real decreto 264/1989, profundando nos aspectos teóricos e prácticos da área correspondente á súa especialidade, tras superalo: 2 puntos.

d) Aspirantes que accedesen ó título de especialista en radiofísica hospitalaria polas vías transitorias de acceso a este título previstas no Real decreto 220/1997, polo que se crea e regula a obtención do título de radiofísica hospitalaria: 2 puntos.

Nas alíneas a), b), c) e d) anteriores soamente se poderá valorar unha única modalidade de obtención da especialidade.

e) Por tese de doutoramento, así como por traballos científicos e de investigación directamente relacionados coa especialidade, poderase obter ata un máximo de 10 puntos.

f) Por impartir docencia posgraduada na especialidade á que se concursa en centros acreditados para a docencia, 0,5 puntos por cada ano, ata un máximo de 5 puntos.

3.2.2 Para o resto das categorías profesionais dos grupos B, C, D e E valorarase a formación continua ou continuada ata un máximo de 5 puntos na forma que se determine nas correspondentes convocatorias.

4. En caso de empate na puntuación total obtida no concurso-oposición, resolverase a favor do concursante que acredite o maior tempo total de servizos prestados nas institucións sanitarias da Seguridade Social dos servizos de saúde. De persisti-lo empate, resolverase a favor da mellor puntuación nos números 3.1.1 e 3.1.2 deste artigo e pola súa orde.

### CAPÍTULO III

#### Fase de provisión do proceso de consolidación de emprego

##### Artigo 7. *Ámbito subxectivo da fase de provisión.*

1. Con carácter extraordinario e por unha soa vez, os servizos de saúde do Sistema Nacional de Saúde levarán a cabo a fase de provisión de prazas coas características que se recollen neste capítulo III, celebrándose as convocatorias para cada categoría e especialidade.

2. A fase de provisión establecida no capítulo III desta lei desenvolverase de maneira independente por cada servizo de saúde, no ámbito das súas respectivas competencias, realizándose de maneira coordinada entre eles.

3. Deberán participar obrigatoriamente na fase de provisión á que se refire esta lei os seguintes candidatos:

a) O persoal que, como consecuencia do proceso de consolidación de emprego, obtivese a situación de persoal estatutario en expectativa de destino regulada no artigo 4.2 desta lei. O persoal que se encontre nesta situación e non participe na fase de provisión será considerado decaído nos seus dereitos, sen que poida adxudicárselle ningunha praza, e perderá a súa situación de persoal estatutario en expectativa de destino.

b) O persoal que se encontre en situación de reingresso provisional deberá participar obrigatoriamente na correspondente convocatoria do ámbito territorial do servizo de saúde onde se encontre prestando os servizos. Se quen desempeña a praza con destino provisional non a obtén na fase de provisión, tendo solicitadas tódalas convocadas na súa categoría, modalidade e área de saúde, poderá optar por obter novo destino provisional nalgunha das prazas que resulten vacantes como consecuencia da resolución da fase de provisión ou pasar novamente á situación de excedencia voluntaria. O reingreso provisional que non participe nesta fase, ou non obteña praza e non solicitase tódalas da súa categoría, modalidade e área de saúde, será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria.

4. Poderán participar voluntariamente na fase de provisión á que se refire o capítulo III desta lei os seguintes candidatos:

a) O persoal estatutario con nomeamento fixo, na mesma categoría e especialidade que se convoque e que se encontre desempeñando ou teña praza reservada nas institucións sanitarias da Seguridade Social, sexan cales foren as administracións públicas das que aquela dependa e sexa cal for a data en que tomase posesión.

b) O persoal en situación distinta á de activo e que non teña reserva de praza, sempre que reúna os requisitos legais e regulamentarios para incorporarse ó servizo activo o último día de presentación de solicitudes da respectiva convocatoria, sen que lle sexa esixible prazo ningún de permanencia na mencionada situación.

5. Os destinos obtidos como consecuencia da participación na fase de provisión serán irrenunciabes.

6. Para os efectos desta lei, considérase como un único centro de xestión o conxunto de centros sanitarios incluídos nunha mesma área de saúde de atención especializada ou de atención primaria, conforme se definen estas no artigo 56 da Lei 14/1986, xeral de sanidade. Aqueles centros sanitarios que non estean incorporados a unha área de saúde determinada ou que, estando, dispoñan dun órgano de dirección propio diferente, se é o caso, da área de saúde correspondente, terán tamén a consideración de centros de xestión para os únicos efectos desta lei.

##### Artigo 8. *Fase de provisión para as categorías e especialidades do grupo de titulación A.*

1. De acordo co establecido no artigo 7.3 todo o persoal das categorías e especialidades do grupo de titulación A que se encontre en expectativa de destino, deberá participar obrigatoriamente na fase de provisión que se recolle neste artigo.

2. As convocatorias desta fase de provisión realizaranse de forma centralizada en cada ámbito territorial, se ben a entrevista a que se refire o punto 5 deste artigo se efectuará de forma simultánea por categoría e, se é o caso, especialidade e en cada centro de xestión.

3. Con independencia de que nas solicitudes poida consignarse máis dun centro de xestión, os candidatos unicamente poderán concorrer á entrevista nun só deles e, caso de non se presentaren á realización desta, ou de concorreren en distintos centros de xestión a máis dunha delas, decaerán nos seus dereitos, de conformidade co establecido no artigo 7.3.a).

4. En ningún caso poderá asignarse maior número de prazas ca vacantes convocadas.

5. Ademais da acreditación e valoración dos méritos por servizos prestados, a actividade científica e investigadora desenvolvida, así como a impartición de docencia posgraduada, a fase de provisión constará da realización e cualificación dunha entrevista para avalia-los diferentes niveis de complexidade nos que poden prestar-las súas funcións.

6. Finalizadas as entrevistas, o tribunal central previsto no artigo 12 desta lei publicará a listaxe coas puntuacións obtidas, que se aplicarán para a obtención de praza nos correspondentes centros de xestión definidos nas respectivas convocatorias dos servizos de saúde.

##### Artigo 9. *Baremo da fase de provisión.*

As convocatorias establecidas nesta lei que se celebren para o desenvolvemento da fase de provisión de prazas, axustaranse ós seguintes baremos de valoración de méritos:

1. Prazas das categorías e especialidades do grupo de titulación A:

1.1 A valoración da entrevista cualificarase cun máximo de 30 puntos.

1.2 A valoración da experiencia profesional nas correspondentes organizacións, como persoal estatutario con nomeamento fixo ou temporal, axustarase ó seguinte baremo:

1.2.1 Polos servizos prestados, calquera que fose o momento, nas institucións sanitarias da Seguridade Social do servizo de saúde na convocatoria do cal se participa:

a) Na mesma categoría profesional e, se é o caso, especialidade á que se concursa: 0,6 puntos por mes traballado.

b) En categorías do modelo tradicional, de cota, de zona ou de urxencia, do mesmo grupo de titulación e, se é o caso, mesma especialidade cá categoría en que se concursa: 0,45 puntos por mes traballado.

c) En distinta categoría profesional e, se é o caso, especialidade á que se concursa: 0,3 puntos por mes traballado.

d) No modelo tradicional, de cota, de zona ou de urxencia, en distinta categoría e, se é o caso, especialidade á que se concursa: 0,225 puntos por mes traballado.

1.2.2 Polos servicios prestados, calquera que fose o momento, nas institucións sanitarias da Seguridade Social doutros servicios de saúde distintos daquel na convocatoria do cal se participa:

a) Na mesma categoría profesional e, se é o caso, especialidade á que concursa: 0,2 puntos por mes traballado.

b) En categorías do modelo tradicional de cota ou de zona ou de urxencia, do mesmo grupo de titulación e, se é o caso, mesma especialidade cá categoría á que concursa: 0,15 puntos por mes traballado.

c) En distinta categoría profesional e, se é o caso, especialidade á que se concursa: 0,1 puntos por mes traballado.

d) No modelo tradicional de cota, de zona ou de urxencia, en distinta categoría e, se é o caso, especialidade, á que se concursa: 0,075 puntos por mes traballado.

O cómputo máximo de antigüidade por servicios prestados será de 55 puntos.

### 1.3 Outros méritos:

a) Por tese de doutoramento, así como por traballos científicos e de investigación directamente relacionados coa categoría ou especialidade, poderase obter ata un máximo de 10 puntos.

b) Por impartir docencia posgraduada en centros acreditados para a docencia, 0,5 puntos por cada ano, ata un máximo de 5 puntos.

2. Prazas para as demais categorías dos grupos de titulación B, C, D e E:

2.1 Por ter na data de publicación da convocatoria de provisión nomeamento estatutario fixo nas institucións sanitarias da Seguridade Social na mesma categoría ou, se é o caso, especialidade, na que se concursa:

a) No servicio de saúde na convocatoria do cal se participa: 60 puntos.

b) Nos servicios de saúde distintos ó convocante no que se participa: 20 puntos.

2.2 A valoración da experiencia profesional nas correspondentes organizacións, como persoal estatutario con nomeamento fixo ou temporal, axustarase ó seguinte baremo:

2.2.1 Polos servicios prestados, calquera que fose o momento, nas institucións sanitarias da Seguridade Social do servicio de saúde na convocatoria do cal se participa:

a) Na mesma categoría profesional e, se é o caso, especialidade á que se concursa: 0,3 puntos por mes traballado.

b) Nas categorías do modelo tradicional de cota ou de zona ou de urxencia, do mesmo grupo de titulación e, se é o caso, mesma especialidade cá categoría en que concursa: 0,225 puntos por mes traballado.

c) En distinta categoría profesional e, se é o caso, especialidade á que se concursa: 0,15 puntos por mes traballado.

d) No modelo tradicional de cota ou de zona ou de urxencia, en distinta categoría profesional e, se é o caso, especialidade, á que concursa: 0,113 puntos por mes traballado.

2.2.2 Polos servicios prestados nas institucións sanitarias da Seguridade Social dos servicios de saúde distintos daquel na convocatoria do cal se participa:

a) Na mesma categoría profesional e, se é o caso, especialidade, á que concursa: 0,1 puntos por mes traballado.

b) Na categoría do modelo tradicional de cota, de zona ou de urxencia, na mesma categoría profesional e, se é o caso, especialidade en que concursa: 0,075 puntos por mes traballado.

c) En distinta categoría profesional e, se é o caso, especialidade á que concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

d) Na categoría do modelo tradicional de cota, de zona ou de urxencia, en distinta categoría e, se é o caso, especialidade á que concursa: 0,038 puntos por mes traballado.

O cómputo máximo de antigüidade por servicios prestados polo número 2.2 será de 60 puntos. A puntuación obtida no número 2.2 poderá acumularse, se é o caso, á conseguida no número 2.1 deste artigo.

3. En caso de empate na puntuación total obtida no concurso, resolverase a favor do concursante que acredite o maior tempo total de servicios prestados nas institucións sanitarias da Seguridade Social dos servicios de saúde. De persisti-lo empate, resolverase a favor da mellor puntuación obtida nos puntos 1.2 ou 2.2 deste artigo, segundo a categoría na que participe, e pola súa orde.

### Artigo 10. *Solicitud de prazas para as categorías dos grupos de titulación B, C, D e E.*

1. Unha vez valorados os méritos acreditados polos participantes na fase de provisión, consonte o baremo do artigo 9 desta lei, os interesados procedentes da situación de expectativa de destino deberán solicitar, pola súa orde de preferencia, tódalas prazas ofertadas na correspondente convocatoria de provisión destas. No caso de non solicitar tódalas prazas mencionadas, pasará á situación de excedencia voluntaria, sen que se proceda a valora-la súa solicitude na correspondente fase de provisión.

2. O persoal con nomeamento estatutario fixo que participe na fase de provisión e que non se encontre na situación de expectativa de destino, poderá solicita-la praza ou prazas que considere conveniente, sen que teña obriga de pedir un número determinado delas.

## CAPÍTULO IV

### Convocatorias e tribunais

#### Artigo 11. *Convocatorias.*

1. As convocatorias do proceso extraordinario de consolidación de emprego nas súas fases de selección e provisión realizaranse en cada ámbito territorial con carácter centralizado, agás a valoración da entrevista na fase de provisión para as categorías do grupo de titulación A, que se levará a cabo descentralizadamente por cada centro de xestión.

2. As convocatorias que han de rexe-los procesos serán aprobadas, no respectivo ámbito territorial, por orde do Ministerio de Sanidade e Consumo ou disposición do órgano competente da comunidade autónoma,

e publicadas no correspondente boletín ou diario oficial. Estas convocatorias determinarán, na fase de selección, os requisitos e condicións que deben reuni-los aspirantes, o número e características das prazas convocadas, os prazos de presentación de instancias, a composición dos tribunais e as medidas de coordinación do desenvolvemento das probas, dirixidas a asegura-la realización simultánea dos exercicios nos distintos ámbitos territoriais en termos de igualdade, así como a forma en que se levará a cabo a fase de provisión. Así mesmo, as convocatorias establecerán o procedemento para adxudicá-las prazas que queden a resultas, excepto para as categorías do grupo de titulación A, en que se aplicará o disposto na disposición adicional oitava.

#### Artigo 12. *Tribunais.*

1. Para a fase de selección de cada categoría ou, se é o caso, especialidade, constituiranse un tribunal central e mailas comisións delegadas dos tribunais de apoio no ámbito territorial que se determine na respectiva convocatoria.

2. Nas convocatorias das categorías do grupo de titulación A, o tribunal central será o encargado de velar polo funcionamento adecuado de todo o proceso, impulsándoo nas súas fases de selección e provisión. Na fase de provisión, a valoración da entrevista lavaraa a cabo o centro de xestión, constituíndose as comisións delegadas de selección dos tribunais de apoio correspondentes para tal efecto, os cales lle elevarán ó tribunal central as propostas de puntuación atribuídas ás entrevistas realizadas.

*Disposición adicional primeira. Participación das comunidades autónomas con competencias de asistencia sanitaria da Seguridade Social transferida.*

As comunidades autónomas que antes da entrada en vigor desta lei teñan transferidas as competencias de xestión da asistencia sanitaria da Seguridade Social poderán acollerse ó disposto nela de o consideraren conveniente para as súas necesidades.

*Disposición adicional segunda. Concurso de traslado específico para facultativos especialistas de área no Instituto Nacional da Saúde.*

1. Con independencia dos procesos de selección e provisión a que se refiren os capítulos II e III desta lei, no ámbito do Instituto Nacional da Saúde establécese un concurso de traslado voluntario para o persoal facultativo especialista de área que na data de expiración do prazo de presentación de solicitudes da súa convocatoria estea a prestar servicios como persoal estatutario fixo ou nalgunha das situacións recollidas nas letras a) e b) do número 4 do artigo 7.

2. Emporiso, na correspondente convocatoria deberá participar obrigatoriamente o persoal que se encontre en situación de reingreso provisional. Se quen desempeña a praza con destino provisional non a obtén neste concurso, tendo solicitadas tódalas convocadas na súa categoría, modalidade e área de saúde, poderá optar por obter novo destino provisional nalgunha das prazas que resulten vacantes como consecuencia da resolución daquel ou pasar novamente á situación de excedencia voluntaria. O reingresado provisional que non participe neste concurso, ou non obteña praza e non solicítase tódalas da súa categoría, modalidade e área de saúde, será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria.

3. A convocatoria deste concurso determinará o número de prazas ofrecidas por especialidade e centro de xestión.

4. O baremo que se aplicará neste concurso de traslado valorará, exclusivamente, os servicios prestados nas institucións sanitarias da Seguridade Social dos servicios de saúde como persoal estatutario con nomeamento fixo ou temporal na mesma categoría profesional e especialidade á que se concursa, outorgando 0,6 puntos por mes traballado. A adxudicación das prazas convocadas efectuarase de acordo coa puntuación obtida e deberá producirse antes da publicación das convocatorias correspondentes á fase de provisión establecida no artigo 8 desta lei.

5. As prazas convocadas e non adxudicadas, así como as que resulten vacantes como consecuencia deste concurso de traslado, e despois da adxudicación das resultas, acumularanse ás convocadas na fase de provisión establecida no artigo 8 desta lei.

6. En todo caso, a toma de posesión dos adxudicatarios deste concurso de traslado efectuarase necesariamente de forma simultánea á dos que accedan ás prazas como consecuencia da súa participación no proceso extraordinario de consolidación de emprego establecido nos capítulos II e III desta lei.

*Disposición adicional terceira. Participación no proceso dos xefes de departamento, de servicio ou de sección con acceso á categoría anterior á entrada en vigor da Orde do Ministerio de Sanidade e Consumo do 5 de febreiro de 1985.*

O persoal estatutario facultativo fixo que teña a categoría de xefe de departamento, de servicio ou de sección por ter accedido directamente a ela con anterioridade á entrada en vigor da Orde do Ministerio de Sanidade e Consumo do 5 de febreiro de 1985, poderá concorrer á fase de provisión previsto no capítulo III desta lei, na convocatoria para facultativos especialistas de área da correspondente especialidade, nas mesmas condicións ca estes.

De obteren praza en tal fase serán nomeados facultativos especialistas de área, perdendo definitivamente a categoría orixinaria.

*Disposición adicional cuarta. Situación do persoal en expectativa de destino que non obteña praza.*

O persoal estatutario con carácter temporal ou aqueloutro sen vinculación previa coas institucións sanitarias da Seguridade Social que acceda á situación de expectativa de destino e non obteña posteriormente praza na fase de provisión establecida no capítulo III desta lei, quedará en situación de excedencia voluntaria, sen que se esixa o disposto no artigo 12 do Estatuto de persoal facultativo, no artigo 42 do Estatuto de persoal sanitario non facultativo e no artigo 33 do Estatuto de persoal non sanitario, en función da necesidade de que transcorra un ano para solicita-lo reingreso.

*Disposición adicional quinta. Desenvolvemento das convocatorias de selección e provisión unha vez efectuado o traspaso do Instituto Nacional da Saúde ás comunidades autónomas.*

1. As convocatorias de consolidación de emprego efectuadas polo Instituto Nacional da Saúde no seu ámbito, tanto en fase de selección como na de provisión, resolveranse consonte o procedemento previsto nesta lei, mesmo cando durante o seu desenvolvemento se produza o traspaso desta entidade a aquelas comunidades autónomas que estean pendentes de asumir as competencias en materia de xestión sanitaria.

2. En tal caso, unha vez realizadas as transferencias, e sen prexuízo das competencias propias dos tribunais



designados en cada convocatoria, constituirase unha comisión de desenvolvemento e seguimento, designada polo Ministerio de Sanidade e Consumo, e na cal estarán representadas as comunidades autónomas receptoras da transferencia do Instituto Nacional da Saúde. Esta comisión será a encargada de levar a cabo tódolos trámites necesarios para asegura-la continuidade das convocatorias así como a súa finalización, momento este último que dará lugar á súa disolución.

*Disposición adicional sexta. Cómputo dos servicios prestados como atención continuada.*

Para os efectos do cómputo dos servicios prestados establecidos nos artigos 6 e 9 desta lei, o persoal de reforzos en atención primaria e ó facultativo de atención especializada con nomeamento específico para a realización de atención continuada —gardas médicas—, recoñeceráselle un mes completo de servicios prestados calculándoos conforme as seguintes regras:

a) Un mes, ou a parte que corresponda proporcionalmente, por cada cento noventa horas, ou fracción, realizadas.

b) Se dentro dun mes natural se tivesen realizado máis de cento noventa horas, soamente poderá valorarse un mes de servicios prestados, sen que o exceso de horas efectuado durante aquel poida ser aplicado para o cómputo de servicios prestados establecidos na anterior regra a).

*Disposición adicional sétima. Consolidación de emprego para outros profesionais sanitarios do grupo de titulación A.*

1. Ós aspirantes que participen na fase de selección establecida no capítulo II desta lei para aquelas categorías de persoal ou, se é o caso, especialidades do grupo de titulación A, para o desempeño das cales non se esixa estar en posesión do título de especialista, non lles será obxecto de cómputo, na valoración da formación acreditada, o feito de estaren en posesión do título de especialista recollido nas alíneas a), b), c) e d) do punto 3.2.1 do artigo 6 desta lei.

2. Ós profesionais sanitarios do grupo de titulación A que presten os seus servicios, en categorías reguladas polos correspondentes estatutos de persoal, en unidades de urxencia hospitalaria, unidades de admisión e documentación clínica, ou desempeñen postos en unidades funcionais de investigación ou como psicólogo clínico ou outros de similares características, seralles de aplicación o sistema de selección e provisión que se establece nos capítulos II e III desta lei, podendo participar no proceso de consolidación de emprego nas categorías existentes na data de publicación das respectivas convocatorias.

*Disposición adicional oitava. Cerramento da fase de provisión nas categorías e especialidades do grupo de titulación A.*

1. As prazas non adxudicadas ou que resultaran vacantes unha vez realizada a fase de provisión a que se refire o artigo 8 desta lei, e co obxecto de pór fin ó procedemento extraordinario de consolidación de emprego, serán convocadas novamente de maneira inmediata, aplicándose para a súa provisión o sistema establecido no citado artigo 8.

2. Se como consecuencia da provisión establecida no parágrafo anterior aínda existisen prazas non adxudicadas ou vacantes, estas cubriranse de forma centralizada en función da puntuación obtida en aplicación dos números 1.2 e 1.3 do artigo 9 desta lei.

*Disposición adicional novena. Prazos de desenvolvemento dos procesos establecidos nesta lei.*

Establécese, como prazo límite para a realización dos procesos que deriven desta lei, o de dezoito meses a partir da publicación da correspondente convocatoria no «Boletín Oficial del Estado».

*Disposición adicional décima. Asignación de prazas unha vez efectuada a transferencia do Instituto Nacional da Saúde ás comunidades autónomas.*

No caso de as adxudicacións das prazas derivadas dos diferentes procesos ós que se refire esta lei teren lugar despois de efectuada a transferencia da asistencia sanitaria do Instituto Nacional da Saúde, corresponde-ralle á comisión de desenvolvemento e seguimento a que se refire a disposición adicional quinta, a asignación concreta da praza, sen prexuízo de que a toma de posesión sexa efectuada pola correspondente comunidade autónoma.

*Disposición adicional décimo primeira. Aplicación da lei ó Instituto Social da Mariña.*

Esta lei, agás o disposto na disposición adicional terceira, será de aplicación á selección e provisión de prazas de persoal sanitario do Instituto Social da Mariña no seu ámbito de aplicación.

Para tal fin, habilitase o Instituto Social da Mariña para celebrar, por unha soa vez e nas mesmas datas có Instituto Nacional da Saúde, as convocatorias extraordinarias de probas selectivas que permitan obter a condición de persoal estatutario fixo nas categorías e especialidades existentes no momento inmediatamente anterior á data de publicación das convocatorias, así como para establecer un proceso extraordinario de provisión de prazas.

Para estes efectos, as referencias que se fan no articulado desta lei ó Instituto Nacional da Saúde entenderanse feitas ó Instituto Social da Mariña, e as que se fan ó Ministerio de Sanidade e Consumo entenderanse referidas ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Igualmente, as referencias desta lei ó persoal «facultativo especialista de área» entenderanse feitas ó «persoal facultativo especialista», ó que non lle será de aplicación o disposto na disposición adicional segunda.

*Disposición adicional décimo segunda. Garantías dos procedementos.*

As convocatorias dos procedementos de selección e provisión ós que se refire esta lei, así como as súas bases, a actuación dos tribunais e cantos actos administrativos deriven delas, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma previstos con carácter xeral nas normas reguladoras do procedemento administrativo e da xurisdicción contencioso-administrativa.

*Disposición adicional décimo terceira. Cómputo dos servicios prestados en réxime laboral.*

Os servicios prestados con contrato laboral, con carácter fixo ou temporal, nas categorías de persoal reguladas no Estatuto xurídico de persoal médico, de persoal sanitario non facultativo e persoal non sanitario ó servicio das institucións sanitarias da Seguridade Social, terán para os efectos desta lei a consideración de efectuados como persoal estatutario fixo ou temporal, na respectiva categoría.

Disposición adicional décimo cuarta. *Servicios prestados polo persoal de asistencia pública domiciliaria.*

Os servicios prestados á Seguridade Social, no ámbito da atención primaria, polo persoal de asistencia pública domiciliaria, equivalerán para efectos dos baremos previstos nesta lei, tanto na fase de selección coma na de provisión, ós prestados nas categorías que lles correspondan.

Disposición adicional décimo quinta. *Prazo de presentación de solicitudes.*

Para os efectos establecidos nesta lei, no ámbito do Instituto Nacional da Saúde, o prazo de presentación de solicitudes para a participación na fase de selección das convocatorias do proceso extraordinario de consolidación de emprego será de quince días hábiles.

Disposición transitoria primeira. *Persoal facultativo que se encontra en trámite de obte-lo título de médico especialista.*

O persoal facultativo que na data de entrada en vigor desta lei se encontre tramitando a obtención do título de médico especialista, conforme o procedemento excepcional regulado por Real decreto 1497/1999, do 24 de setembro, e logo de acreditación diso, poderá participar no proceso de consolidación de emprego da respectiva especialidade establecido no capítulo II desta lei. No caso de que os aspirantes superasen este último, o acceso á situación de expectativa de destino e, se é o caso, a obtención dunha praza mediante a súa participación na fase de provisión regulada no capítulo III desta lei, unicamente producirán efectos se previamente se resolveu o procedemento e, se é o caso, se obtivo o título de médico especialista establecido no Real decreto 1497/1999.

Disposición transitoria segunda. *Persoal que se encontra en trámite de obte-lo título de especialista en radiofísica hospitalaria.*

O persoal que na data de entrada en vigor desta lei se encontre tramitando a obtención do título de especialista en radiofísica hospitalaria, conforme o establecido no Real decreto 220/1997, do 14 de febreiro, e na Orde do 12 de xuño de 1998, pola que se regulan as vías transitorias de acceso ó título, e logo de acreditación diso, poderá participar no proceso de consolidación de emprego da respectiva especialidade establecido no capítulo II desta lei. No caso de que os aspirantes superasen este último, o acceso á situación de expectativa de destino e, se é o caso, a obtención dunha praza mediante a súa participación na fase de provisión regulada no capítulo III desta lei, unicamente producirán efectos se previamente se resolveu o procedemento e, se é o caso, se obtivo o título de médico especialista establecido no Real decreto 220/1997.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario da lei.*

O Estado e as comunidades autónomas poderán aprobar, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións regulamentarias sexan precisas para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación da Lei 30/1999, do 5 de outubro, de selección e provisión de prazas de persoal estatutario dos servicios de saúde.*

1. Para o desenvolvemento e execución do previsto nesta lei, será de aplicación a Lei 30/1999, do 5 de

outubro, de selección e provisión de prazas de persoal estatutario dos servicios de saúde, coas seguintes excepcións: artigos 5 —a excepción do seu punto 8, que continuará vixente—, 6, 8, 10 e 11. Así mesmo, con rango regulamentario, será tamén de aplicación o Real decreto lei 1/1999, do 8 de xaneiro, con excepción dos artigos 12, 13, 14, 15, 16, 17, 29, 30, 31, 32, 33 e 34.

2. Esta lei ten carácter temporal e, en consecuencia, a súa vixencia finalizará unha vez culminado o procedemento excepcional regulado nela.

Disposición derradeira terceira. *Ausencia de custo adicional.*

A aplicación e o desenvolvemento desta lei non suporá, en ningún caso, incremento de custos.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de novembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,  
MARIANO RAJOY BREY

## MINISTERIO DO INTERIOR

**21874** REAL DECRETO 1123/2001, do 19 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Regulamento de seguridade privada, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro. («BOE» 281, do 23-11-2001.)

A aplicación do vixente réxime xurídico da seguridade privada, durante os anos transcorridos desde a promulgación da Lei 23/1992, do 30 de xullo, reguladora da materia, e o proceso de diálogo, exame crítico e diagnóstico da situación do propio réxime xurídico, desenvolvido recentemente entre a Administración e os distintos sectores implicados na devandita aplicación, no seo da Comisión Mixta Central de Coordinación da Seguridade Privada, sen poñer en entredito as liñas mestras do sistema, puxeron de manifesto múltiples aspectos concretos ou de detalle, pero de indubidable transcendencia para o funcionamento global daquel, que puideron producir efectos indesexables, distorsións ou excesos innecesarios e improcedentes, relacionados principalmente co exercicio das funcións de control que debe levar a cabo a Administración; aspectos que loxicamente deben ser corrixidos.

Trátase, sobre todo, de excesos en canto ó contido dos libros rexistro que deben leva-las empresas de seguridade, pola exhaustiva información que se obriga a incorporar a estes, facendo pesada, difícil e en boa medida inútil a súa levanza; de rixidez no réxime de control dos contratos de servizo, o réxime dos cales non ten debidamente en conta as esixencias funcionais que a realidade impón ó sector; de delimitación inadecuada dalgunhas funcións e das incompatibilidades do persoal, que impiden a realización de servicios, considerados imprescindibles, de verificación e resposta ás alarmas;